

A ÚLTIMA PELÍCULA

[The Last Picture Show, Peter Bogdanovich
1971, EE UU, 120 min., VOSE]

Lingua **Inglés**

Dirección **Peter Bogdanovich**

Guión **Peter Bogdanovich e Larry McMurtry (sobre a novela de McMurtry)**

Montaxe **Donn Cambern**

Música **Phil Harris, Johnny Standley, Hank Thompson**

Fotografía **Robert Surtees**

Son **Calvin Loeser, Tom Overton, Dean Salmon**

Elenco **Timothy Bottoms, Jeff Bridges, Cybill, Shepherd, Ben Johnson,**

Cloris Leachman, Ellen Burstyn, Randy Quaid, Sharon Taggart,

John Hillerman, Clu Gulager

Produtora **BBS**

Distribución **Origen Audiovisual**

Década dos 50. A pequena e solitaria localidade texana de Anarene é testemuña dos desprazamentos diarios dun grupo de adolescentes insatisfeitos que afrontan o tránsito á idade adulta. Ao seu redor, o tempo estancado transcorre entre o salón de billar, o café, unha vella sala de cine e a descuberta do amor, nunha época en que comezan os recrutamentos para a guerra de Corea e en que o cinema e todo o que representa morre a mans da televisión.

Oscar 1971: premios ao mellor actor secundario (Ben Johnson) e mellor actriz secundaria (Cloris Leachman); nominacións a mellor filme, guión adaptado, fotografía, actor (Jeff Bridges) e actriz de reparto (Ellen Burstyn).

XANEIRO

Martes 21 **QUE PASA, DOUTOR?**
(Peter Bogdanovich, 1972,
EE UU, 94 min., VOSE)

Martes 28 **LÚA DE PAPEL**
(Peter Bogdanovich, 1973,
EE UU, 102 min., VOSE)



A ÚLTIMA PELÍCULA

PETER BOGDANOVICH

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

A ÚLTIMA PELÍCULA PETER BOGDANOVICH

Un pequeno cinema pechado, resistindo o paso do tempo nunha poeirenta rúa deserta, sucada por un vento infinito, é a imaxe que abre e pecha *A última película* (*The Last Picture Show*, 1971), de Peter Bogdanovich. O vento é un elemento presente, de forma insistente, tanto nas páxinas da novela homónima do escritor e guionista Larry McMurtry, como na súa espléndida adaptación á pantalla. Un vento que acompaña as sucesivas estacións que comprende o relato, seco e sufocante algúns meses, perturbador a maior parte do tempo. A súa presenza, mesmo de forma inconsciente, acentúa o illamento de Anarene, unha pequena poboación de Texas onde pecha o pequeno cine local, e a impresión de melancolía que semella acompañar os personaxes. Seguindo esta estela do vento, as imaxes do filme desprenden a imprecisa sensación que describe a novela: «Non había absolutamente nada salvo cincuenta quilómetros de paisaxe solitaria. Excepto uns poucos ranchos cascados pola area, o único que había que ver era unha longa sucesión de crestas acastañadas atravesadas polo vento. Sonny díxose que se cadra en Texas lle chamaban a este fenómeno “melancolía do Norte” porque era difícil non entristecerse cando sopraba».

Un filme de carácter fronteirizo

A última película converteuse nunha obra de carácter fronteirizo, tanto polo seu contido como polo período en que foi realizada: o cinema norteamericano a principios dos setenta. O relato segue uns personaxes nun momento de tránsito e reflicte as lentas transformacións da pequena localidade de Anarene. A máis significativa é o peche do pequeno cine local, onde se proxecta cinema clásico. Un elemento cargado de simbolismo, que trascende a ficción para reflectir a realidade: toda unha metáfora da situación da industria do cine norteamericano no período en que se roda *A última película*. Uns anos de notables cambios no sistema de estudios, responsable do esplendor do cinema clásico. Bogdanovich forma parte da coñecida como xeración do New Hollywood, á que pertencen unha serie de directores que asinaron as súas primeiras longametraxes durante estes anos, como Coppola, Scorsese, Friedkin ou De Palma.

O sistema de estudios arrastraba unha notable crise desde finais dos sesenta. Resulta reseñable que algúns dos máis destacados cineastas do período clásico roden, con serias dificultades, os seus últimos filmes a principios dos setenta, como Elia Kazan —*O último magnate* (1976)— ou Joseph L. Mankiewicz —*A pegada* (1972)—. Outros mestres asinaron as súas últimas obras a finais da década anterior: John Ford despediuse do cine con *Sete mulleres* (1966) e Howard Hawks con *Río Lobo* (1970). A irrupción dos directores do New Hollywood supuxo unha renovación con excelentes resultados artísticos. Durante un breve período de

tempo, estes novos realizadores gozaron de certa liberdade creativa e do control final das súas obras. A finais da década, esta situación reconducíuse a un sistema controlado de novo polos grandes estudos, en que estes cineastas se reintegraron con maior ou menor acerto.

A última película quedou como unha peza clave nese tempo de rupturas, que gravita entre o cinema clásico que vivía as súas últimas manifestacións e os aires novos da renovación xeracional. Bogdanovich segue as coordenadas do cine clásico na formulación formal do filme, fronte ás rupturas de estilo que propoñían algúns dos seus contemporáneos, e homenaxéao de forma explícita a través dos filmes que se proxectan no cine de Anarene. Ao tempo, propón uns temas que poderían interesar plenamente ás novas xeracións nos setenta e que, de feito, resultan, atemporais.

Autor de numerosos estudos cinematográficos, Bogdanovich é responsable dun valioso legado, en forma de extensas entrevistas a cineastas, publicadas en varios volumes, entre os que destacan os seus libros sobre Orson Welles e John Ford. Resulta interesante comprobar as obras ás que se fai referencia n'*A última película*. É posible distinguir títulos como *Winchester 73* (1950), de Anthony Mann, ou *Areas sangrientas* (1949), de Allan Dwan. Á marxe destas pequenas homenaxes, establece certo diálogo entre as longametraxes proxectadas e os personaxes do filme. Na primeira secuencia no interior do cine, as imaxes na pantalla d'*O pai da noiva* (1950) evidencian a brecha entre a candidez das convencións amorosas que reflectía o cinema e as relacións reais entre a mocidade, que tiña nas salas de cinema un dos seus poucos lugares de encontro.

En especial, resulta significativo que o último filme proxectado antes da clausura deste cine sexa *Río vermello* (1948), de Howard Hawks. Sen dúbida unha forma de reivindicar a obra deste cineasta, tal e como anos atrás fixeran os integrantes da Nouvelle Vague, a través das páxinas de *Cahiers du Cinéma*. Bogdanovich entende certos paralelismos entre *A última película* e *Río vermello*. A longa travesía gandeira do western de Hawks transcorre nas planicies de Texas, e incide na relación entre os seus personaxes masculinos —igual ca na maior parte da súa filmografía—, uns vínculos que poden identificarse tamén entre os protagonistas d'*A última película*. O film proxectado na novela é *The Kid from Texas* (1950). Sonny e Duane recoñecen que se aburren e abandonan a sala antes de que remate. N'*A última película* ambos quedarán ata o final da mítica *Río vermello* —a última noite antes de que Duane parta para a guerra de Corea—, sen dúbida unha homenaxe persoal do director a Howard Hawks.